EL CRONISTA OFICIAL
DE LA
CIUDAD
LA CORUÑA ,15 de novembro do 1969.

Señor don Xosé-M.ª Monterroso Devesa-Juega.
Cáceres.

Meu distinto amigo:

Ó seu debido tempo recibín a súa grata do día 7 dos correntes,á que paso a respostar c´o meirande gosto.

Tamén eu recordo a vostede das súas visitas á nosa Academia, e teño de vostede as mellores lembranzas.

D´acordo c´oa súa suxerencia,publiquéi onte un artiguiño sóbor dos "Sucesos de Mayo",que a vostede interesaba. Velaí vai o recorte, que agardo agrádelle. Sinto que o espacio dispoñible sexa pouco,porque o asunto era dino de merescer máis; pero as esixencias do periódico nono permiten.

Quédolle moi recoñecido pol-as amables frases,asín como tamén polo o seu poema que tivo a atencion de adicarme e que é moi belo. Felicítoo.

Sempre seu amigo e paisán que or recorda con agrado

Xoán Naya